

EDICIÓN VIRTUAL

ENCONTROAGPI

18º Encontro Galego de Ilustración *"Máis aló do papel 2"*

20 novembro 2021



youtube.com/agpi

#EncontroAGPI
+info: agpi.es/encontro

18 ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRACIÓN

Videoxogos, tatuaxe, debuxo e publicidade, arte e márketing, animación 3D... Para esta décimo oitava cita buscamos pura experiencia das marxes. E é que alén do mundo editorial tradicional, a ilustración e o deseño gráfico teñen mil caras. Con este novo *Encontro Galego da Ilustración*, despegamos do papel unha vez máis para lanzarnos a descubrir as aplicacións das artes gráficas nos novos formatos.

Comezaremos o percorrido co galego **Calros Silvar** e os seus 40 anos de experiencia profesional ás costas. Ilustrador editorial, caricaturista e humorista gráfico, teremos ocasión de charlar con el en primeira persoa. Sen dúbida, unha conversa para non perder.

Loremi Lines tomará o relevo cun percorrido transdisciplinar do deseño gráfico ao videoxogo. A artista viguesa achegará, entre outras moitas claves, o seu coñecemento sobre como crear imaxes de impacto para o márketing de videoxogos ou como artellar un portfolio atractivo para enviar a empresas do sector.

Rodrigo Zayas, quen vén de traballar para Netflix, HBO ou Marvel cómics, e con directores de culto coma Alejandro Amenábar ou Juan Carlos Fresnadillo, poñerá o foco na versatilidade, coma ferramenta para facer da ilustración un medio de vida.

O broche final deste Encontro será cousa de **Isabel Méndez**, avogada especializada en propiedade intelectual, que vén disposta a darlle un xiro de 180 grados á vosa visión sobre os contratos de edición. Non perdades este obradoiro con todas as claves para saber como negociarlos.

Unha gran ocasión para gozar da ilustración en todos os seus formatos posibles.

Videojuegos, tatuaje, dibujo y publicidad, arte y marketing, animación 3D... Para esta decimooctava cita buscamos pura experiencia de las márgenes. Y es que al otro lado del mundo editorial tradicional, la ilustración y el diseño gráfico tienen mil caras. Con este nuevo *Encontro Galloego da Ilustración*, despegamos del papel una vez más para lanzarnos a descubrir las aplicaciones de las artes gráficas en los nuevos formatos.

Comenzaremos el recorrido con el gallego **Calros Silvar** y sus 40 años de experiencia profesional a las espaldas. Ilustrador editorial, caricaturista y humorista gráfico, tendremos ocasión de charlar con él en primera persona. Sin duda, una conversación para no perder.

Loremi Lines tomará el relieve con un recorrido transdisciplinar del diseño gráfico al videojuego. La artista viguesa acercará, entre otras muchas claves, su conocimiento sobre cómo crear imágenes de impacto para el marketing de videojuegos o como articular un portfolio atractivo para enviar a empresas del sector.

Rodrigo Zayas, quien viene de trabajar para Netflix, HBO o Marvel cómics, y con directores de culto como Alejandro Amenábar o Juan Carlos Fresnadillo, pondrá el foco en la versatilidad, como herramienta para hacer de la ilustración un medio de vida.

El broche final de este Encontro será cosa de **Isabel Méndez**, abogada especializada en propiedad intelectual, que viene dispuesta a darle un giro de 180 grados a vuestra visión sobre los contratos de edición. No perdáis este taller con todas las claves para saber cómo negociarlos.

Una gran ocasión para disfrutar de la ilustración en todos sus formatos posibles.

PROGRAMA



SESIÓN DE MAÑÁ

10:30 h. **Homenaxe a CALROS SILVAR / Homenaje a CALROS SILVAR**

■ **Calros Silvar** [behance.net/calrossilvar](https://www.behance.net/calrossilvar)

Percorreremos os máis de 40 anos de traxectoria do ilustrador editorial, caricaturista e humorista gráfico galego Calros Silvar e mais teremos ocasión de conversar con el en primeira persoa.

Recorreremos los más de 40 años de trayectoria del ilustrador editorial, caricaturista y humorista gráfico gallego Calros Silvar y tendremos ocasión de conversar con él en primera persona.

11:10 h. **DE INDIE A AAA. O traballo do artista 2D nos videoxogos / DE INDIE A AAA. El trabajo del artista 2D en videojuegos**

■ **Loremi Lines** [instagram.com/loremiartsandcrafts](https://www.instagram.com/loremiartsandcrafts)

Un percorrido transdisciplinar do deseño gráfico ao videoxogo, da man de Loremi, artista de marketing en *Riders Republic - Ubisoft Annecy*. A artista viguesa achegará, entre outras moitas claves, o seu coñecemento sobre como crear imaxes de impacto para o márketing de videoxogos ou como artellar un portfolio atractivo para enviar a empresas do sector.

Un recorrido transdisciplinar del diseño gráfico al videojuego, de la mano de Loremi, artista de marketing en *Riders Republic - Ubisoft Annecy*. La artista viguesa mostrará, entre otras muchas claves, su conocimiento sobre cómo crear imágenes de impacto para el marketing de videojuegos o como articular un portfolio atractivo para enviar a empresas del sector.

12:50 h.

VIVIR DEBUXANDO ou morrer tentándoo / VIVIR DIBUJANDO o morir intentándolo

■ **Rodrigo Zayas** zayasartist.com

Converter a ilustración nun medio de vida require empregar a versatilidade coma ferramenta. Rodrigo Zayas falará de como enfocar unha carreira profesional no sector da ilustración no curto e no longo prazo.

Convertir la ilustración en un medio de vida requiere emplear la versatilidad como herramienta. Rodrigo Zayas hablará de cómo enfocar una carrera profesional en el sector de la ilustración en el corto y en el largo plazo.

SESIÓN DE TARDE

16:00 h.

COMO LIDIAR CUN CONTRATO DE EDICIÓN sen que se che faga bola / CÓMO LIDIAR CON UN CONTRATO DE EDICIÓN sin que se te haga bola

■ **Isabel Méndez** firmadopor.com


Non sabes por onde comezar a revisar un contrato de edición? Nin idea de que deben incluír coma contido mínimo? Prefires firmalos sen lelos e dedicarte a crear? Entón este obradoiro é para ti! Non importa que acabes de chegar á profesión ou que xa esteas no cumio: a túa visión sobre os contratos de edición dará un xiro de 180 grados!

¿No sabes por dónde comenzar a revisar un contrato de edición? ¿Ni idea de qué deben incluir como contenido mínimo? ¿Prefieres firmarlos sin leerlos y dedicarte a crear? ¿Entonces este taller es para ti! No importa que acabes de llegar a la profesión o que ya estés en la cumbre: ¡tu visión sobre los contratos de edición dará un giro de 180 grados!

PRESENTA E MODERA

■ **Neves Rodríguez** aaag.gal/catalogo/nieves-rodriguez

PARTICIPANTES



CALROS SILVAR



[behance.net/calrossilvar](https://www.behance.net/calrossilvar)

Calros Silvar é licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. Iniciouse como ilustrador editorial, caricaturista e humorista gráfico, exercendo dende 1978 ata o 2000, especialmente na revista *Crash* e no semanario *A Nosa Terra*. Foi deseñador de produto nas Cerámicas do Castro (Grupo Sargadelos) entre 1981 e 2010 e ilustrador en Baía Edicións dende 2004 ata 2013. Mantívose como ilustrador independente ata o seu “pase á reserva”, no 2019.

Calros Silvar es licenciado en Bellas Artes por la Universidad Complutense de Madrid. Se inició como ilustrador editorial, caricaturista y humorista gráfico, ejerciendo desde 1978 hasta el 2000, especialmente en la revista *Crash* y en el semanario *A Nosa Terra*. Fue diseñador de producto en Cerámicas do Castro (Grupo Sargadelos) entre 1981 y 2010 e ilustrador en Baía Edicións desde 2004 hasta 2013. Se mantuvo como ilustrador independente hasta su “pase a reserva”, en el 2019.

LOREMI LINES



[instagram.com/loremiartsandcrafts](https://www.instagram.com/loremiartsandcrafts)

Loremi Lines naceu en Vigo no 1986. Tras rematar o Ciclo Superior de Gráfica Publicitaria na Escuela Aula D de Vigo no 2006, continuou a súa formación como ilustradora de maneira autodidacta. Comezou a súa carreira como deseñadora gráfica ás ordes do tatuador Miguel Wom en Vigo, de aí deu o salto a un estudo de videoxogos *indie*, o Moonbite, en Santiago de Compostela e, posteriormente, instalouse en Múnic para colaborar coa publicadora de videoxogos Deep Silver. A aventura europea continuou en Francia, onde se desenvolveu como artista *freelance* nos eidos da ilustración e do deseño gráfico. Na actualidade, dende 2018 e con máis de 10 anos ás costas como artista 2D en videoxogos, traballa na empresa francesa Ubisoft como artista de márketing.

Loremi Lines nació en Vigo en el 1986. Tras finalizar el Ciclo Superior de Gráfica Publicitaria en la Escuela Aula D de Vigo en el 2006, continuó su formación como ilustradora de manera autodidacta. Comenzó su carrera como diseñadora gráfica a las órdenes del tatuador Miguel Wom en Vigo, de ahí dio el salto a un estudio de videojuegos *indie*, el Moonbite, en Santiago de Compostela y, posteriormente, se instaló en Múnic para colaborar con la publicadora de videojuegos *Deep Silver*. La aventura europea continuó en Francia, donde se desarrolló como artista *freelance* en los campos de la ilustración y del diseño gráfico. En la actualidad, desde 2018 y con más de 10 años a sus espaldas como artista 2D en videojuegos, trabaja en la empresa francesa Ubisoft como artista de marketing.

RODRIGO ZAYAS



zayasartist.com

Rodrigo Zayas naceu en Madrid no 1985. É diplomado en deseño de produción e dirección de arte na E.C.A.M. (Escuela de cine y audiovisual de Madrid). Comezou a traballar no sector audiovisual aos 21 anos en departamentos de arte para cine, coma debuxante de *storyboard* para publicidade. Nesa época comezou tamén a realizar as primeiras probas de cómic para o mercado editorial americano. Traballou en producións para case todas as plataformas audiovisuais (Netflix, HBO, Prime), así coma con directores de primeiro nivel como Alejandro Amenábar ou Juan Carlos Fresnadillo. A súa vez, colaborou con editoriais coma Marvel cómics e Image/Top Cow.

Rodrigo Zayas nació en Madrid en el 1985. Es diplomado en diseño de producción y dirección de arte en la E.C.A.M. (Escuela de cine y audiovisual de Madrid). Comenzó a trabajar en el sector audiovisual a los 21 años en departamentos de arte para cine, como dibujante de *storyboard* para publicidad. En esa época comenzó también a realizar las primeras pruebas de cómic para el mercado editorial americano. Ha trabajado en producciones para casi todas las plataformas audiovisuales (Netflix, HBO, Prime), así como con directores de primer nivel como Alejandro Amenábar o Juan Carlos Fresnadillo. A su vez, ha colaborado con editoriales como Marvel cómics y Image/ Top Cow.

ISABEL MÉNDEZ



firmadopor.com

Isabel Méndez é avogada e consultora especializada en propiedade intelectual. A través da súa consultoría, *Firmado por*, axuda a creadores, editoriais e empresas a xestionar e protexer o seu ben máis prezado, a propiedade intelectual das súas obras. *Firmado por* naceu da vontade de axuntar os seus coñecementos e experiencia xurídica con aquilo que máis lle gusta e coñece de primeira man: a creación e as súas vicisitudes.

Isabel Méndez es abogada y consultora especializada en propiedad intelectual. A través de su consultoría, *Firmado por*, ayuda a creadores, editoriales y empresas a gestionar y proteger su bien más preciado, la propiedad intelectual de sus obras. *Firmado por* nació de la voluntad de aunar sus conocimientos y experiencia jurídica con aquello que más le gusta y conoce de primera mano: la creación y sus vicisitudes.

NEVES RODRÍGUEZ



aaag.gal/catalogo/nieves-rodriquez

Actriz e presentadora, ten participado en diversas series de televisión e en obras de teatro como *Invisibles* (Redrum Teatro, 2018). Obtivo o Premio Mestre Mateo á mellor comunicadora en 2018 polo seu traballo no programa *Vaia troula!* Entre 2014 e 2018 conduciu o programa radiofónico *Metrópoles delirantes*, dedicado á banda deseñada.

Actriz y presentadora, ha participado en diversas series de televisión y en obras de teatro como *Invisibles* (Redrum Teatro, 2018). Obtuvo el Premio Mestre Mateo a la mejor comunicadora en 2018 por su trabajo en el programa *Vaia troula!* Entre 2014 y 2018 condujo el programa radiofónico *Metrópoles delirantes*, dedicado al cómic.

**INFORMACIÓN
GENERAL**

**INFORMACIÓN
GENERAL**



DATAS / FECHA

Sábado 20 de novembro do 2021 / Sábado 20 de noviembre de 2021

FORMATO VIRTUAL

As charlas emitiránse en directo na web do Encontro e na canle de YouTube e o perfil de Facebook da AGPI. As charlas quedarán rexistradas na canle da AGPI, pero o taller da tarde só poderá verse en directo. O público poderá participar con preguntas por escrito, que serán formuladas ao final das charlas.

Las charlas se emitirán en directo en la web del Encontro y en el canal de YouTube y el perfil de Facebook de AGPI. Las charlas quedarán registradas en el canal de AGPI, pero el taller de la tarde sólo podrá verse en directo. El público podrá participar con preguntas por escrito, que serán formuladas al final de las charlas.

Ligazóns / Enlaces

agpi.es/encontro/

youtube.com/agpi

facebook.com/AGPIIlustra

EQUIPO TÉCNICO

Dirección e produción / Dirección y producción: Bernal Prieto e Nerea Pallares.

Organiza:



AGPI é membro de:



Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO